

VOGA, RAPA!Z!
De Hergé a Cyrano pasando por Rabelais

Henrique Harguindey Banet
Breixo Harguindey Barrio

Qu'est-ce que je suis venu faire dans cette galère? [Que viñen eu facer a esta galera?] pregúntase o capitán Haddock no orixinal francés dunha das aventuras de Tintín creadas por Hergé: *Objectif Lune*. Na nova tradución galega –de próxima aparición– nós facemos unha translación que conserva o contexto mariñeiro, mais obvia as referencias culturais que só dende a cultura francófona son intelixibéis para os lectores e lectoras. En galego, a frase aparecerá como *Por que me enrolaría eu neste barco?*

Haddock atópase tendido na súa liteira nunha nave, o foguete espacial inventado polo profesor Tornasol para ir á Lúa. E alí está a reflexionar. (v. imaxe 1)



Imaxe 1: *Objectif Lune* (p.59)

A frase do capitán é unha adaptación da pregunta proverbial *Qu'allait-il faire dans cette galère?* utilizada no contexto francófono para expresar que non se entende como alguén puido embarcarse nun tal asunto e nunha tal compañía, segundo explica o dicionario *Le Grand Robert de la Langue Française*. Sería algo así como *Que pintaba el alá?*

A pregunta foi popularizada pola comedia de Molière *Les fourberies de Scapin* a partir de 1671. Na farsa, Scapin –criado do mozo Leandro– tenta axudalo na necesidade de cinco centos escudos que aquel precisa para poder liberar a súa moza que foi raptada. Trata Scapin de obter os cartos de Géronte, pai de Léandre e vello avaro, inventando a historia de que o mozo, convidado por un turco a visitar unha galera, foi raptado e por el piden un rescate de cinco centos escudos. Géronte fai ouvidos xordos á petición de diñeiro e non pensa na liberdade do fillo senón nos cartos que tanto lle doen. Así, unha e outra vez retruca, desviando o asunto: *Mais, que demo ía el facer a esa galera?* (v. imaxe 2)



Imaxe 2: G ronte e Scapin

Os espectadores r an co efecto c mico do retrouso e a pregunta entrou axi a no patrimonio fraseol xico franc s. Tan viva nos nosos d as como no tempo de Moli re.

Pero a realidade   que nin a frase nin a situaci n foron creadas por Moli re.   da comedia de Cyrano de Bergerac *Le p dant jou *, publicada uns anos antes, en 1654, de onde procede. Moli re colleuna de al .

  ben sabido que Cyrano   autor dun relato de viaxe   L a (*L'Autre Monde ou les  tats et Empires de la Lune*) publicado en 1657. Describe nel a s a ascensi n nun primeiro intento que o leva   Nova Francia, o Canad  (v. imaxe 3):

Atalicara de arredor de min unha chea de frasqui os cheos de orballo, e a calor do sol que os atra a ergueume tan alto que ao final atopeime por riba das nubes m is altas. Mais como esta atracci n fac ame subir con demasiada rapidez e no canto de me achegar   l a como eu pretend a semell bame m is arredada que no momento de partir, escachei varios dos meus frasqui os ata que sent n que a mi a pesadez superaba a atracci n e eu desc a cara   terra¹.



Imaxe 3: Primeiro intento de Cyrano

¹ Cyrano de Bergerac : *O Outro Mundo ou Os Estados e Imperios da L a*. Traducci n, introducci n e notas Henrique Harguindey Banet. V tera. Rinoceronte Editora, 2019.

No Québec, Cyrano continúa as súas tentativas:

Cunha máquina que construí, e que imaxinei capaz de me elevar tanto como eu quixese, boteime no aire dende o curuto dun penedo. Mais, como non tomara ben as medidas, fun de cú contra o val. Todo mancado como estaba, volví para o meu cuarto sen por iso perder a arela. Collín miolo de osos de boi co que engraxumei o corpo todo, porque estaba magoado dende a cabeza aos pés, e despois de me ter enfortecido o corazón cunha botella de esencia cordial volví buscar a miña máquina. Mais non a dei atopado, porque algúns soldados que enviaran ao bosque cortar madeira para facer a armazón do lume de San Xoán que se debía prender á noite, ao atopárense por acaso, leváranse para o forte. Despois de varias interpretacións do que podía ser, ao que descubriron o invento do resorte, algúns dixeron que cumpría atarlle de arredor unha chea de foguetes voadores a fin de que –ao elevalo ben alto a rapidez destes e ao abanear as súas grandes ás o resorte- non houbera ninguén que non tomase esa máquina por un dragón de lume.

Finalmente, sobe Cyrano á súa máquina e é elevado ás nubes (v. imaxe 4) :

O medo arrepiante que me agoniou non revirou tanto as facultades da miña alma como para que me esquecese despois todo o que me aconteceu nese momento. Habedes, logo, saber que, ao que a chama tivo devorado unha fileira de foguetes (porque os dispuxeran de seis en seis mediante unha torcida que cinguía cada media ducia), outra rea alapreaba xa, e despois outra, de sorte que a pólvora alapreante afastaba o perigo facéndoo medrar. Emporiso, ao se gastar a materia o artificio fallou, e cando eu xa non facía idea senón de deixar a cabeza na dalgún monte, sentín –sen me mover nadiña- continuar a miña elevación, e vin a máquina, despedíndose de min, caír de volta cara á terra. Esta aventura extraordinaria encheume dunha ledicia tan pouco común que, encantado de me ver liberado dun perigo certo, tiven o atrevemento de filosofar sobre o asunto. Daquela, cando andaba a procurar cos ollos e co pensamento cal podía ser a causa deste milagre, dexerguei a miña carne abochada e aínda graxa por mor da cana de oso coa que me untara para as mancaduras do meu esnaframento. Comprendín que estando entón no devalo, e ao ter a lúa durante este cuarto o costume de zugar a cana dos animais (1), estaba ela a beber a que eu untara, con tanta máis forza canto que o seu globo se atopaba máis perto de min e canto que a interposición das nubes non enfeblecía o seu vigor.

(1) Era crenza popular –alimentada pola astroloxía- que o volume da cana dos osos medraba na fase crecente e diminuí na decrecente.



Imaxe 4: Ascensión de Cyrano á Lúa

Efectivamente, a excelencia da cana, do *substantífico miolo*. foi xa cantada por Rabelais, que no prólogo de Gargantúa (1534) se dirixía así aos *Ilustrísimos bebedores*, aos lectores:

Seica nunca tedes desfechado botella ningunha? Canté! Relebrade a compostura que tiñades E : non tedes nunca visto un can atopar algún oso medular? El é, como di Platón no lib. II De rep. o animal máis filósofo do mundo. Se é que o vistes, puidestes notar con que devoción o vixía, con que coidado o garda, con que fervor o acolle, con que prudencia o enceta, con que paixón o creba e con que dilixencia o zuga. Quen o induce a facer isto? Cal é a esperanza da súa aplicación? Que ben pretende? Nada máis ca un pouco de miolo. Certo que este pouco é máis delicioso do ca un moito de todo o restante porque o miolo é alimento elaborado á perfección pola natureza, como di Galeno en III Facu. Natural. e en XI De usu parti.

A exemplo deste, convén que, para ventardes, ulirdes e estimardes estes fermosos libros de alta graxa, sexades avisados, lixeiros no achegamento e afoutados no encontro, e despois, a través de curiosa lectura e meditación frecuente, que rompades o oso e zuguedes o substantífico miolo, é dicir, o que eu entendo por eses símbolos pitagóricos, coa esperanza certa de vos facerdes sabios e prudentes na tal lectura, porque nesta habedes achar gusto ben diferente e doutrina máis escondida. Ela vos ha revelar moi altos sacramentos e misterios extraordinarios, tanto no que concerne á nosa relixión como tamén ao estado político e á vida económica.

A viaxe de Cyrano á Lúa foi posible grazas a ese *alimento elaborado á perfección pola natureza* e que *o animal máis filósofo do mundo* é quen de apreciar. A cana, o miolo, ha permitir construír unha novela filosófica e soste ideas ben perigosas para o escritor se fosen atribuídas a seres humanos. A ciencia, coa súa tolería paródica e o seu humor, está tamén presente en Hergé a través do profesor Tornasol, o inventor do foguete que conduce cara ao noso satélite esa tripulación entre a que se atopan o capitán Haddock - outro ilustre bebedor (v. imaxe 5)- Tintín e Milú (un can máis, e bastante filosófico).



Imaxe 5: "Nunca tedes desfechado botella ningunha?"